

Fraguando a Diversidade

II EDICION **FONTIÑAS: SOMOS TODOS!**
MESA REDONDA.

MEMORIA DE AVALIACIÓN

REPRESENTATE DA ASOCIACION BATA
XUNTO COA EXPERIENCIA VITAL DUN MOZO

ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS

25 DE XANEIRO DE 2019 ÁS 11.00 H
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Índice

	Páxs.
1. Presentación	3
2. O proxecto “Fontiñas: somos tod@s!”	4
3. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	10
4. O desenvolvemento do proxecto	12
4.1.- Aspectos metodolóxicos	13
4.2.- Profesionais que participaron no proxecto	15
5. Seguimento e avaliación	16
5.1.- Como se fixo a avaliación	17
5.2.- Avaliación cuantitativa	18
5.3.- Avaliación cualitativa	19
6. Conclusións da xornada	25
7. Suxestións para vindeiras edicións	27
8. Anexos	29
8.1.- Cartel divulgativo	30
8.2.- Folla de avaliación	31
8.3.- A xornada en imaxes	32

Presentación

Dando un paso mais nas intervencións comunitarias, o IES Antonio Fraguas, o CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, o CEIP Fontiñas e PASS Fontiñas decidimos aunar esforzos para deseñar e implementar o proxecto “Fontiñas: somos tod@s!”.

Despois de proxectos dirixidos a activar procesos de solidariedade ou de prevención de condutas asociais, dáse un paso mais alá, recollendo as características do barrio (a diversidade social e a xuventude dos seus moradores), para traballar cos mais novos aspectos tan importantes como son as diversidades funcionais, as dificultades que teñen as persoas que se atopan en tal situación, desmontar tamén falsos mitos e crenzas, e valorar as potencialidades, que tamén existen e que, a miúdo, nos esquecemos.

Consideramos que a información é a ferramenta básica para as persoas, que as pode orientar na toma de decisións, e isto é o que se pretende:

- Que as rapazas e rapaces saiban que non é a discapacidade o que fai difícil a vida, senon os pensamentos e as accións dos demais.
- Que hai que valorar ás persoas polas súas capacidades e non polas súas “non capacidades”.
- A peor discapacidade é a de non darnos conta que todas e todos somos iguais e, á vez, diferentes.

Vexamos nas vindeiras páxinas o desenvolvemento do proxecto...



2. O proxecto “FONTIÑAS: SOMOS TOD@S!” estaba fundamentado en...



Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten máis que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza. Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, si; potencialidades, tamén...

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movements da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e dous anos despois da constitución do barrio se fixera unha “parada no camiño” a reflexionar¹, novamente,

cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.



A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o benestar do veciñanza**. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención*: **a prevención das situacións de vulnerabilidade social e o esforzo para reforzar o sentimento de “vida comunitaria”**; unha firme aposta pola “convivencia”; **convivencia “positiva”, fomentando a autonomía e a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.**

¹ III Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (2015). Fonte: www.compostelaintegra.org




Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.
 Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2012

A gráfica precedente debuxa perfectamente cal é a realidade social do barrio. Unha zona que se aproximada aos 10.000 habitantes de dereito, na que a súa pirámide poboacional segue sendo nova (aínda que cada vez mais vai estreitando a súa base) e na que a palabra “diversidade” se converte na súa mellor característica e, incluso, na súa sinal de identidade.

Despois dos proxectos comunitarios implementados nos últimos anos e que tiñan como fin activar canles de solidariedade, fomentar a convivencia intercultural ou previr situacións de risco social, apostando polos “máis novos” como os protagonistas da comunidade, nesta ocasión considérase procedente dar un paso adiante e abordar outras realidades: cal é a vida daquelas persoas afectadas por algunha situación de discapacidade e como é o seu día a día no barrio; porque elas e eles tamén son os nosos veciños, os nosos compañeiros, os nosos amigos...; porque a súa realidade tamén nos importa, porque as súas necesidades tamén son as nosas, porque as súas potencialidades tamén deben estar presentes, porque a súa voz tamén debe ser escoitada.

Non debemos esquecer que Fontiñas é unha das zonas do municipio na que residen un maior número de persoas en situación de dependencia. Así, se temos como referencia o Diagnóstico Comunitario do barrio, realizado no ano 2015, podemos constatar como 114 persoas se atopaban nesta situación. Hoxe este listado, de por si dinámico, é xa superior². A configuración urbanística do barrio contribúe a que moitos cidadáns opten por fixar a súa residencia nesta zona.

Despois dunha análise exhaustiva da realidade social, realizada durante os anos 2011 – 2012, fíxose unha detección de necesidades³, que deu lugar ao establecemento de 22 liñas de actuación que deben inspirar o quefacer profesional das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias da zona. Inspirándonos na liña 6 (Difusión do tecido asociativo), na liña 7 (Actividades Comunitarias, que integrasen e implicasen a todo o barrio), comezamos a desenvolver esta proposta que a súa vez abrangue outras liñas de acción, coma son: liña 14 (Impulso de actividades para a xuventude) e liña 20: Propiciar a dinamización social. É evidente que “a unión fai a forza”; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se albiscaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente consolidada na actualidade. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar* do veciñanza, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*.



Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas. Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2012

² Na actualidade, só dende a UTS Fontiñas xa se está mantendo o seguimento de 114 persoas en situación de dependencia que teñen fixado o seu domicilio no barrio. Descoñécese o número de persoas que están a seguimento no Centro de Saúde de Fontiñas.

³ Mais información, no apartado de “documentación: Diagnóstico comunitario do barrio de Fontiñas”, da web www.compostelaintegra.org

Cada un dos servizos ou entidades do barrio, cunhas características específicas e cuns obxectivos propios, buscan estratexias e sinerxías para acadar fins comúns. Todos nós pretendemos realizar accións que fomenten a...



Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.
Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2014.

A realidade social do barrio tamén se converte, en consecuencia, na realidade do alumnado dos centros educativos, de aí que *comunidade-escola* deba ser un binomio perfectamente relacionados.

Tendo en conta que os principais actores da xornada son as rapazas e rapaces que viven na zona e os centros educativos aos que asisten (CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, IES Antonio Fraguas), cómpre ter presente dende a perspectiva educativa, a importancia de que eles tomen conciencia das necesidades sociais que existen no contorno e do que poden aportar para solventalas. Trátase da concreción dun proxecto baseado na “aprendizaxe-servizo”.

Pártese da idea de que os centros educativos e as restantes institucións sociais teñen unha concepción “aberta á comunidade”: trabállase dende cada ámbito, pero somos capaces de desenvolver unha actividade conxunta, con fins compartidos, e levala a cabo no propio contexto social.

Para a elaboración do presente proxecto se tivo en conta as aportacións dos propios menores (memoria da anterior edición de “Fraguando a diversidade”), a avaliación doutros proxectos

comunitarios “A nosa vida en positivo” (nos cuestionarios de avaliación resaltaban como un dos temas de interese a situación das persoas con diversidade funcional) así como a propia realidade actual dos centros educativos do barrio onde a inclusión e a diversidade son dúas premisas fundamentais.

As entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas consideramos a “información” como a ferramenta básica para garantir o adecuado desenvolvemento persoal e fomentar a convivencia. De aí, que cun enfoque preventivo, partamos desa ferramenta, para que dende unha óptica comunitaria, se traballe cos mais novos sobre “a discapacidade e o día o día das persoas que se atopan nesta situación”.

Apostando pois polo colectivo infanto-xuvenil, considerouse como destinatarios e como “protagonistas” do proxecto a menores, **de 11-13 anos, escolarizados en 6º de Educación Primaria no CEIP Fontiñas e no CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, así como en 1º de Educación Secundaria, no IES Antonio Fraguas.**

A actividade levouse a cabo o venres, **25 de febreiro de 2015, en horario de 11.00 a 12:30 h**, nas instalacións do **Escola Galega de Administración Pública.**





- ▣ Contribuír á sensibilización do colectivo escolar de cara a normalizar situacións de diversidade e favorecer situacións de inclusión neste eido.
- ▣ Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.
- ▣ Promover espazos de convivencia entre menores pertencentes ao colectivo “infantil” e os pertencentes xa a “adolescencia”⁴, procedentes dos tres centros educativos de Primaria e Secundaria existentes no barrio de Fontiñas: CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas.
- ▣ Reforzar “espazos de encontro” nos que estean presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.
- ▣ Identificar referentes positivos de superación e esforzo na poboación moza.
- ▣ Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven as persoas en situación de discapacidade.
- ▣ Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.
- ▣ Dar resposta ás demandas formuladas polo colectivo infanto-xuvenil detectadas na avaliación de proxectos comunitarios previos.
- ▣ Ofertar aos máis novos a posibilidade de que “sexan a voz” que transmita novas iniciativas comunitarias.

⁴ Sinalar que o artigo 37 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, define a “*infancia*” como o período de vida das persoas comprendido dende o seu nacemento ata os 12 anos de idade, e o de “*adolescencia*”, os menores de mais de 12 anos pero menos de 18.



4.1.- Aspectos metodolóxicos:

- **FONTIÑAS: SOMOS TODOS!** *Xornada de sensibilización sobre a diversidade funcional e a inclusión social.* Para implementar esta actividade, cun enfoque comunitario, foi preciso desenvolver, con carácter previo, as seguintes accións:

- Na xuntanza de barrio de Fontiñas do día 15 de outubro de 2018, os departamentos de orientación de primaria expresa no incremento de poboación con Asperxer e autismo , así como as súas dificultades de integración deste alumnado efectuando a demanda de organizar algunha actividade nesta liña. Dada a demanda realizada, valorouse procedente levar a cabo unha xornada de sensibilización sobre as diversidades funcionais co alumnado de 6º de Educación Primaria dos centros educativos Monte dos Postes e Fontiñas e co de 1º ESO do IES Antonio Fraguas. Acórdase que se adoptará un formato de “mesa redonda” e priorízase na participación das seguintes entidades: ASPANAES (Asociación de Pais e Nais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista) e BATA.
- As orientadoras do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes (**Isolina**) e do CEIP Fontiñas (Judith Cambeiro) encargáronse de contactar coa Asociación BATA e ASPANAES dado que persoal destas entidades acode aos respectivos centros educativos para o deseño e apoio nas intervencións.
- As orientadoras do CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas presentaron esta iniciativa nos seus respectivos centros, para valorar a súa participación e determinar que grupo de alumnado participará na mesma.
- As técnicas do PASS Fontiñas (dispositivo pertencente ao Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e a orientadora do IES Antonio Fraguas procederon á redacción do proxecto.
- Valórase procedente utilizar o cartel divulgativo da anterior edición, elaborado pola orientadora do Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, como sinal de identidade do proxecto. As técnicas PASS Fontiñas realizarán as modificacións oportunas.
- A **reserva de espazo** será realizada dende a dirección do centro educativo Monte dos Postes.
- **Tríptico e programa da actividade:** elaborado polas técnicas do PASS Fontiñas.
- Deseño da **folha de avaliación** a cargo das técnicas do PASS Fontiñas.
- **Impresión** da folha de avaliación a cargo das técnicas PASS Fontiñas.
- A **organización e distribución dos espazos** correu a cargo das profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios.

- 📄 **Impresión** do cartel ; distribución e difusión: a cargo de cada unha das entidades pertencentes á rede comunitaria do barrio de Fontiñas. Os carteis para o día da xornada serán a cargo das técnicas PASS Fontiñas.
- 📄 **Difusión da actividade** entre os profesionais pertencentes á rede comunitaria do barrio e incorporada a información nas web de cada entidade.

Para levar a cabo a actividade foi preciso utilizar os seguintes recursos materiais ou tecnolóxicos:

- 📄 Espazo Salón de actos da pranta baixa da EGAP, capacidade para 286 persoas.
- 📄 Carteis divulgativos da actividade (a cargo das técnicas PASS Fontiñas):
 - 6 carteis tamaño A4.
- 📄 Trípticos e programa da actividade (a cargo das técnicas do PASS Fontiñas).
 - 5 programas.
- 📄 Cuestionarios de avaliación (Servizos Sociais Comunitarios): 240.

A xornada quedou estruturada do seguinte xeito:

1.- Presentación da xornada a cargo da concelleira de Política Social, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos xunto co director do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes.

2.- Modera a mesa redonda mesa a Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos.



3.- Participación da directora da Asociación Bata explicou en que consistía o trastorno de espectro autista, presentando ao mesmo tempo a súa entidade e o contido da mesma.

4.- Participación de Mario Seoane, que dou testemuña das súas vivencias. "ESTUDIANTE y TEAACTIVISTA"

5.- Quenda de preguntas.

6.- Peche da xornada a cargo da concelleira de Política Social, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos.

4.2.- Profesionais que participaron no proxecto:

A elaboración do proxecto correu a cargo das seguintes profesionais:

- ❑ Técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- ❑ Orientadoras do IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Montes dos Postes.

Na actividade, participaron ademais os seguintes profesionais:

- ❑ Concelleira de Política Social, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos.
- ❑ Representantes da asociación BATA.
- ❑ Experiencia vital dun mozo: "ESTUDIANTE e TEAACTIVISTA"
- ❑ Director do CEIP Plurilingüe Montes dos Postes.
- ❑ Profesorado do IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Montes dos Postes.
- ❑ Técnicos/as da rede comunitario do Barrio das Fontiñas.
- ❑ Alumando en prácticas da USC.

Dado o enfoque comunitario que presentaba, á xornada acudiron profesionais pertencentes a outras entidades da rede comunitaria de Fontiñas: Centro de Día Arela, Programa de atención a familias Abeiro e Fundación Secretariado Xitano.





5. Seguimento e avaliación



5.1.- Como se fixo a avaliación?

A avaliación foi participativa e aberta. Neste sentido, os diferentes participantes (tanto o alumnado como os docentes) puideron cumprimentar un pequeno cuestionario anónimo e entregalo nas instalacións do centro sociocultural para que as técnicas do PASS analizasen os resultados. No cuestionario abordáronse as seguintes cuestións:

1. Valoración do interese do proxecto: responde á pregunta “Gustouche esta actividade?”.
2. Valoración directa da actividade: presentación, contido exposto polos poñentes e o contido das preguntas realizadas polo alumnado.
3. Pregunta aberta: conclusións que se extraen ao remate da xornada.
4. Suxestións cara a realización doutras actividades comunitarias.

Igualmente, recolleuse unha reflexión sobre o propio proceso da actividade dende a súa xénese ata a súa finalización, reflectindo as dificultades e os logros atopados.

FONTIÑAS: SOMOS TODOS!.

*Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión
dirixida a escolares do barrio de Fontiñas.*

Puntúa do 1 ó 5 os aspectos que aparecen a continuación (1 é a mínima nota e 5 a máxima. Risca o que proceda).

1º.- Gustouche esta actividade? 1 2 3 4 5

2º.- Valora os seguintes elementos:

- o Vídeos 1 2 3 4 5
- o O que che contaron 1 2 3 4 5
- o As preguntas realizadas polos compañeiros 1 2 3 4 5

3º.- Que conclusión sacaches?

4º.- Que temas che interesan para organizar outras actividades como esta?

5.2 Avaliación cuantitativa:

	ASPECTOS A AVALIAR	INDICADORES	Nº	OBSERVACIÓNS
AVALIACIÓN CUANTITATIVA	Organización e implementación	Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto	4	* Orientadora do IES Antonio Fraguas * Técnicas do PASS Fontiñas.
		Nº de profesionais colaboradores:	17	* CEIP Fontiñas: 4 (orientadora e mestres). * CEIP Plurilingüe Monte dos Postes: 4 (orientadora, director e mestres). * IES Antonio Fraguas: 9 (mestres).
		Nº de profesionais que participan na Mesa Redonda	4	* Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos. * Director do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes. * Representante de BATA: 1 * Poñente con Síndrome de Asperxer: 1
		Outros profesionais que asistiron á xornada:	8	* Servizos Sociais: 4. * Centro de Día Arela: 1. * Programa familias Abeiro: 2. * Fundación Secretariado Xitano: 1
	Impacto e participación	Nº de alumnado que participan na actividade / nº de alumnado previsto		CEIP Fontiñas: 50/50 = 100 % CEIP Plurilingüe Monte dos Postes: 50/50 = 100 % IES Antonio Fraguas: 120/120 = 100 %

Fonte: Datos extraídos do cómputo de alumnado e profesionais participantes. Técnicas do e PASS Fontiñas (dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela) e alumnado en practicas da USC.

Analizando a táboa anterior, constátase que á actividade acudiron un total de **234 persoas** (entre alumnado, profesorado, técnicos e outras; lembrar que a xornada estaba dirixida a alumnado dos centros educativos de Fontiñas, incorporando aos profesionais pertencentes á rede comunitaria do barrio.

5.3 Avaliación cualitativa:

O día da actividade pasáronse uns cuestionarios de avaliación anónimos; do total de 210 persoas asistentes, cumprimentaron o cuestionario de avaliación 200 (95,24 %).

A experiencia foi ben acollida por todos os asistentes á mesma. Sinalar a implicación dos profesionais que participaron gratuitamente na mesma.

1.- Valoración xeral da actividade.

Puntuación	Nº	%
1	5	2,53 %
2	6	3,03 %
3	37	18,69 %
4	85	42,93 %
5	65	32,83 %
Total	198	100,0 %

Fonte: Datos analizados a partir dos cuestionarios de avaliación; tratamento estatístico realizado polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e alumnado en practicas da USC.

Media acadada: 4,01

En xeral, as puntuacións obtidas foron elevadas; mais do 75 % dos asistentes fixeron constar unha puntuación de 4 ou 5 (lembrar que o 1 era o valor mínimo e o 5, o máximo); a cualificación media acadada ascende a 4,01.

De todos os xeitos debemos lembrar que este proxecto ten un enfoque puramente participativo. Neste sentido, hai que voltar a vista atrás e recoller o contido da memoria avaliativa do proxecto “Fraguando a diversidade” I edición (deseñado e implementado no ano 2015), onde o alumnado participante fixo constar nos cuestionarios o seu interese por accións formativas que versaran sobre a discapacidade. O tempo que as demandas realizadas dende os departamento de orientación dos centros de primaria do barrio, dado o incremento de alumnado con estas características.

5.3.1 Valoración da presentación.

Puntuación	Nº	%
1	14	9,66 %
2	14	9,66 %
3	30	20,69 %
4	43	29,66 %
5	44	30,34 %
Total	145	100,0 %

Fonte: Datos analizados a partir dos cuestionarios de avaliación; tratamento estatístico realizado polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e alumnado en prácticas da USC.

Media acadada: 3,61

O 60 % do alumnado da calificacións altas á presentación proxectada (puntuacións de 4 ou 5). Non obstante, tamén é necesario valorar que máis dun 20 % dos asistentes se mostrou indiferente á mesma e incluso arredor dun 19 % valorouna negativamente.

Cómpre destacar tamén que puido influír aquí un erro de comunicación. Nos cuestionarios repartidos fálase de vídeos cando o que se empregou foi en realidade unha presentación de Power Point, o que desencadeou que non se entendera a pregunta e que a cantidade de respostas á mesma sexa notablemente máis baixa que ás anteriores.

O que se lle amosou aos rapaces en dita presentación non lle é totalmente alleo pois, aínda que se abordaron contidos novos, o tema da diversidade foi traballado nos centros educativos da zona, forma parte do seu día a día e precisan un espazo onde verbalizar as súas dúbidas ao respecto. Estase traballando pois coas capacidades, sabendo que “todas e todos somos diferentes, pero temos os mesmos dereitos” e que a axuda que todas e todos podemos precisar, pode estar ao noso carón. Trallemos con potencialidades e non con atrancos.

5.3.3.- Valoración do contido traballado.

Puntuación	Nº	%
1	6	3,05 %
2	5	2,54 %
3	26	13,20 %
4	58	29,44 %
5	102	51,78 %
Total	197	100,0 %

Fonte: Datos analizados a partir dos cuestionarios de avaliación; tratamento estatístico realizado polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e alumnado en prácticas da USC.

Media acadada: 4,24

O contido traballado polas persoas que participaron na acción formativa foi de sumo interese para o alumnado, pois máis do 81 % puntúan a temática abordada cun 4 ou cun 5 e apenas un 5 % a valora negativamente.

A explicación facilitada pola directora da asociación BATA suscitou interese no alumnado e motivou a súa participación. Non obstante, quizais o formato da presentación foi demasiado técnico e houbo momentos nos que os rapaces estaban demasiado excitados, polo que resultaba difícil que mantivesen a atención. A este feito débese engadir que a data escollida para a realización da actividade non foi a máis idónea; venres, observouse no alumnado un alto grao de emoción e cansazo que interferiu na atención prestada por momentos.

No caso de Mario, o poñente con síndrome de Asperxer, o enfoque foi distinto. Mario explicoulles ás rapazas e rapaces como foi a súa experiencia ao longo da etapa escolar facendo referencia aos problemas de socialización que lle supoñía “ser diferente”. Incidiu na importancia de contar co apoio tanto dos compañeiros como do profesorado e fixo que o alumnado reflexionase sobre “que é o NORMAL”.

Isto serviu para que os rapaces entenderan que todos compartimos estilos de vida, que cada un ten unha forma de ser, unhas capacidades e características diferentes, pero debemos tratarnos como iguais.



5.3.4.- Valoración das preguntas realizadas polo alumnado.

Puntuación	Nº	%
1	23	11,79 %
2	41	21,03 %
3	57	29,23 %
4	36	18,46 %
5	38	19,49 %
Total	195	100 %


Fonte: Datos analizados a partir dos cuestionarios de avaliación; tratamento estatístico realizado polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e alumnado en prácticas da USC..

Media acadada: 3,13

As respostas a esta pregunta foron moi dispares, concentrándose levemente a valoración nas cualificacións media e baixa (puntuacións de 2 e 3). Aínda así, preto dun 38 % do alumnado fixo unha valoración positiva das preguntas realizadas polos seus compañeiros, sendo a media dos resultados un 3,13.

Sería interesante que esta temática se siga traballando nas aulas, formando ao alumnado sobre diversidade e contribuíndo deste xeito á construción dunha sociedade inclusiva.

En síntese, as puntuacións medias acadadas nos diferentes ítems analizados, son as seguintes:



Fonte: Datos analizados a partir dos cuestionarios de avaliación; tratamento estatístico realizado polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e alumnado en prácticas da USC..

Pero centrémonos agora en reproducir unha síntese das preguntas realizadas polo alumnado e das respostas ofrecidas polos diferentes poñentes. A maioría das preguntas foron dirixidas a Mario, o poñente con síndrome de Asperxer, preguntándolle acerca da súa experiencia persoal e a etapa escolar de primaria e secundaria. Tamén suscitou bastante interese o concepto e características do cerebro autista que explicou a poñente de BATA. Aínda así, a pesar de tratar de dinamizar dende a mesa outras cuestións interesantes relativas á diversidade e ao TEA, a tónica xeral das preguntas foi a experiencia persoal sobre o poñente.

As preguntas fóronse alternando entre o alumnado dos diferentes centros, participando todos eles.

Relación de preguntas

1. Pregúntalle a Mario dende cando é autista?

Mario especifica que non é autista e incide en que tampouco lle gusta dicir que ten un trastorno, senón que se atopa dentro do espectro autista. Logo puntualiza que el sempre foi desa forma, simplemente que ata os dezaseis anos non lle diagnosticaron o Síndrome de Asperxer, polo que ao longo da súa vida se atopou con diferentes dificultades por falta de comprensión do seu entorno.

2. Como te sentes ti?

Mario afirma que se atopa no seu mellor momento. Durante a etapa escolar e do instituto, e incluso dun ciclo superior que cursou, sentiuse inseguro, rexeitado e pouco comprendido; non obstante, agora ten máis liberdade, coñécese mellor a si mesmo e as súas capacidades, o que fai que se sinta a gusto.

3. Aprobabas todo no instituto?

Xeralmente si. Con esta pregunta fixo fincapé na importancia da figura do mestre como elemento facilitador da aprendizaxe, a integración do alumnado e a relación coa familia.

4. Cales son os teus hobbies?

Mario afirma ter innumerables hobbies, pero sobre todo di disfrutar da natureza. Encántalle a pesca, ir a camiñar e un sen fin de actividades máis.

5. Por que quixeches ir á universidade e facer esa carreira?

Responde que lle gusta traballar no ámbito da educación e que tiña ganas de acceder á universidade para formarse.


6. Pódeste curar?

Neste caso intervéñ tamén Carmen, a representante de BATA, quen explica de novo que o autismo non se trata dunha enfermidade, senón que é unha condición coa que se nace e que non se cura. Afirmo tamén que posuír capacidades diferentes non ten que limitar a ninguén, simplemente ás veces hai que adaptarse ás súas necesidades e poñer o foco de atención nas súas potencialidades, serviuse exemplo de grandes figuras do ámbito científico, da moda, dos videoxogos,....





6.- CONCLUSIÓN DA XORNADA.



As aportacións da representante de BATA e do poñente con síndrome de Asperxer na xornada serviron para traballar co alumnado e, en xeral cos asistentes, que na actualidade debemos ter unha nova forma de pensar sobre a diversidade funcional, na que a persoa que a presenta está, como todos, en permanente interacción co contorno físico e social no que vive. Unha visión transformada do que constitúen as posibilidades de vida das persoas con discapacidade, poñendo especial énfase na súa autonomía, na inclusión, na igualdade e, por suposto, nas capacidades diferentes.

Nesta liña, coa súa linguaxe, aportan as súas propias conclusións o alumnado de 6º de Educación Primaria do CEIP Fontiñas e do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, así como de 1º da ESO do IES Antonio Fraguas:

- ❑ Todos somos iguais pero diferentes ao mesmo tempo e todos temos os mesmos dereitos.
- ❑ Non existe o NORMAL.
- ❑ É importante ser respectuoso e tolerante e non xulgar aos compañeiros nin rirse deles.
- ❑ Hai que incluír e dar un trato igualitario ás persoas con capacidades diferentes.
- ❑ O autismo non é unha enfermidade.
- ❑ Aínda que haxa obstáculos e algo sexa difícil hai que loitar para lograr as cousas.
- ❑ Cada alumno ten as súas necesidades educativas.

Visualicemos algunha das súas respostas:

30.- Que conclusión sacaches?
Que todos temos os mesmos dereitos e que por nacer "diferente" non ten que haber problemas

30.- Que conclusión sacaches?
Que todos somos iguais e que temos que comezar a entender as diferenzas dos demais.

Que conclusión sacaches?
Que o TEA non é unha enfermidade. Non son tan distintas á nós e só hai que ter un pouco de paciencia con eles.

30.- Que conclusión sacaches?

Pues que cada alumno/a necesita un tipo de educación.

Que conclusión sacaches?

Que hai que pómense no lugar dos demais e falar con este tipo de xente indo que costea.



7.- SUXESTIÓNS PARA VINDEIRAS EDICIÓNS

Nos propios cuestionarios de avaliación, se solicitaba que realizaran suxestións para vindeiras accións formativas. Trátase, unha vez mais, de realizar proxectos participativos e colaborativos, e en ningún caso impositivos, carentes de interese para os seus destinatarios.

4º.- Que temas che interesan para organizar outras actividades como esta?

Creo que as persoas teñen que saber máis sobre LGTB. Me encantaría ir a una charla sobre eso.

4º.- Que temas che interesan para organizar outras actividades como esta?

O machismo ou o abuso escolar.

organizar outras actividades como

A necesidade da ecoloxía no barrio e dunha economía circular.

4º.- Que temas che interesan para organizar outras actividades como

esta?

A min interesárame xente que se supera
día a día como persoa (egas...)



4º.- Que temas che interesan para organizar outras actividades como

esta?

Acoso escolar ou perigo nas redes

Recollemos as propostas para seguir organizando actividades comunitarias, cun enfoque interinstitucional, de acordo a obxectivos técnicos pero contemplando sempre o interese dos seus destinatarios.

Os temas máis solicitados para abordar son os seguintes:

- Acoso escolar/ciberbullying
- Violencia de xénero/machismo/igualdade
- Diversidade funcional
- Natureza/medio ambiente/cambio climático
- Animais/maltrato animal
- Deportes
- Charlas vivenciais de superación no deporte e outros ámbitos
- Racismo
- Identidade de xénero/orientación sexual/homofobia/colectivo LXTBIQ+



8. Anexos



8.1.- Cartel divulgativo.

**Fraguando
a
Diversidade**

**II EDICION FONTIÑAS: SOMOS TODOS!
MESA REDONDA.**

**INTERVEÑEN :
REPRESENTATE DA ASOCIACION BATA
XUNTO COA EXPERIENCIA VITAL DUN MOZO**

**ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS**

**25 DE XANEIRO DE 2019 ÁS 11.00 H
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACION PUBLICA**

BARRO DAS FONTIÑAS




CONCELLO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA
IES Antonio Fraguas
CEIP de Fontiñas

Bata

XUNTA GALEGA DE ADMINISTRACION PUBLICA

8.2.- Folla de avaliación.



FONTIÑAS: SOMOS TODOS!.

*Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión
dirixida a escolares do barrio de Fontiñas.*

**Puntuá do 1 ó 5 os aspectos que aparecen a continuación (1 é a mínima nota
e 5 a máxima. Risca o que proceda).**

1º.- Gustouche esta actividade?

2º.- Valora os seguintes elementos:

- o Vídeos
- o O que che contaron
- o As preguntas realizadas polos compañeiros

3º.- Que conclusión sacaches?

4º.- Que temas che interesan para organizar outras actividades como esta?

8.4.- A xornada, tamén en imaxes.



Dende os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela (PASS Fontiñas) e o IES Antonio Fraguas (Departamento de Orientación), CEIP Plurilingüe Monte dos Postes (Departamento de Orientación e dirección) e o CEIP Fontiñas (Departamento de Orientación), desexamos trasladar os nosos agradecementos a Asociación BATA pola súa participación desinteresada na xornada; sen vós, isto non sería posible....

E, por suposto, a ti, Mario Seoane, por ser un exemplo de superación. Grazas pola túa participación e polo teu esforzo, por amosar que diversidade debe ser sinónimo de “potencialidade diferente”.



Memoria do Proxecto comunitario elaborado por:

- ✦ **BEATRIZ SIXTO SOLAR**, traballadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios).
- ✦ **MARIA JESUS VIQUEIRA PÉREZ**, traballadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios).
- ✦ **MARGARITA VAZQUEZ TEO**, educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos Sociais Comunitarios).
- ✦ **EVA BOO HERMIDA**, alumna en prácticas da USC.

En estreita coordinación coas **orientadoras do IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Monte dos Postes.**

Coa colaboración das restantes **entidades pertencentes á rede comunitaria do Barrio de Fontiñas.**

A todas e todos, moitas grazas.

